

A CAPELA DE BELEN

MARGARITA SANCHEZ YAÑEZ. En *"Historia de San Sadurniño. (2)* . Estudos Mindonienses 30. (2014)

O 11 de xullo de 1707 a marquesa de San Sadurniño María Rosa, filla de Pedro Álvarez de Reinoso e de Francisca Ventura de Andrade y Pardo de Figueroa, fundou a capela de Belén. O texto di⁸⁷:

"En once del mes de julio de mil setecientos y siete por ante Andrés de Luaces, Escribano. La Sra Marquesa de San Saturnino hizo la fundación de la Capilla de Belén, señalando bienes libres para su manutención, y que estubiese a cargo del que poseiese el Marquesado el tenerla en piè y repararla de todo lo necesario".

Trátase dunha pequena capela de pranta rectangular. O material de construción é de cachotaría agás a fachada que é de cantaría e ten un banco corrido na parte inferior a xeito de zócolo. A fachada ten un corpo rectangular no que se atopa a porta central en arco de medio punto no que as doelas teñen labrada unha moldura cóncava e outra convexa. Sobre do arco hai unha fornaciña cega de feitura cadrangular, enmarcada cunhas molduras que fan catro orellóns nas esquinas e ten un teito a xeito de vieira. No interior da fornaciña hai unha imaxe de pedra da Virxe de Belén, co neno no colo. A imaxe é rústica e o corpo desaparece tras dunha roupa que lle dá un aspecto de campá sen remate máis ancho por baixo.

No lado esquerdo da porta hai un escudo sen bordura, acolado, neste caso rodeado de figuras co aspecto de follas rematadas en espiral, cuartelado en cruz, coroado con coroa do marquesado de San Sadurniño. É o máis antigo escudo da familia con coroa de marquesado que se conserva e os motivos non son elixidos ó chou, senón que teñen un significado especial, como se vai ver. Nos catro cuarteis aparecen os temas seguintes: no primeiro as lanzas dos Lanzós, no segundo as arroelas dos Castro, na parte de embaixo, o terceiro, as cinco follas dos Figueroa e á beira o cuarto, que ten os cuadrúpedos dos Osorio.

Lémbrese que o Osorio viña incorporado desde dona María, a muller de Pedro de Andrade Bermúdez, e o Figueroa viña desde dona Francisca Pardo de Figueroa y Lupidana, muller de Pedro de Andrade, o fillo de Diego de Osorio. Despréndese pois que dona María Rosa non incorpora os cuarteis do seu pai, Pedro Álvarez de Reinoso Andrade, Gayoso y Feijoo, nin dos avós nin o do fundador Fernando de Andrade, senón o Figueroa

87 Libro de la fábrica de la parroquia de Sta M^a la Mayor de San Saturnino. Año 1730.

da nai e da avoa, o Osorio da tataravoa e o Lanzos e Castro de dona Ines, isto é, a liña feminina, sen dúbida relacionado coa advocación da Virxe do nacemento, a de Belén, co seu neno. Unha devoción se cadra máis subliñada polas mortes dos herdeiros e os casos de infertilidade na familia. No contexto do seu tempo é unha acción cun aquel de feminista, no sentido da eliminación da presenza dos símbolos familiares masculinos, aínda que de certo a infertilidade sería considerada máis responsabilidade feminina, mais a mortalidade atinguía a todos por igual.

Unha cornixa gardachoivas percorre a fachada e dá paso ó corpo superior do frontis da capela. É un espazo que principia triangular, delimitado polo tellado, e que se convirte nun trapecio porque non chega ó vértice superior do triángulo no cumio, senón que os lados rematan en recto pola necesidade dun chafrán que é a base da espadana. No centro dese corpo superior hai unha placa rectangular en posición horizontal abeirada por outra placa semellante en posición vertical a cada lado.

Accédese ó interior ó través dunha porta á que se chega por escaleira de cinco chanzos de pedra de Moeche. Logo de pasar a porta hai un espazo rectangular, e un pequeno retablo de madeira repintado no século XX en cores verde e un vermello granate. A predela é estreita. O corpo central presenta tres arcos separados por columnas. Baixo do arco central se acobillaba nun tempo unha imaxe de madeira da Virxe co neno, que foi roubada. Logo estivo moitos anos unha gran fotografía da imaxe dentro da fornaciña. Agora non está. Tratábase dunha imaxe tosca da Virxe de Belén ou da Tenrura, coa cara achegada ó seu neno, que está no colo da nai co torso e a cara virada cara adiante e a parte inferior do corpo de lado. Está labrada con inxenuidade rústica. O seu volume era moi compacto. Non se parece en nada á que a substitúe.

A cadanseu lado, nos outros arcos, un San Antonio e unha Virxe coas uvas e co neno. Na parte superior o ático é un so corpo en arco carpanel que ten no centro un círculo cunha cruz dominicana no interior. Nun lado da parede hai unha pequena figura de Cristo sentado que estaba no concello aló polos anos 50 do século pasado.

María Rosa e Álvaro de Quindós tiveron fillos e cando morreu María Rosa, o viúvo casou en segundas con dona Manuela Osorio Vaamonde no ano 1717 no convento da Encarnación de Mondoñedo.